



CASAS
MALACATÚ
FRANKESTEIN
LA RETORNADA

ORGULLO Y
PREJUICIO
O CORPO DE
CRISTO

OS FILLOS DO MAR

EL JUGADOR
DE AJEDREZ

MÁS ALLA
DEL JARDÍN

¡UNIVERSO!

LA SOCIEDAD
DE LOS

BOOK OF
INTUITION

DRAGONES
DE TE

TANKAS
HABITADOS

CIEN MIL
MILLONES
DE POEMAS

EL PRÍNCIPE
Y LA MODISTA

APLICACIÓN
INSTANTÁNEA

FÓRA DO NORMAL
ESTA ES ANITA

SEN PIEDADE

CORPO

A CHAVE DA ATLÁNTIDA

APESTOSO TIO MUFFIN

LA CARTA
THE GIFT

CALL ME BY YOUR NAME

ANTOLOGÍA DEL CANTE
FLAMENCO HETEREDOXO

CUENTOS EXTRAÑOS
PARA NIÑOS PECULIARES

LLEVA UN LIBRO EN LA MALETA

LAS LÁGRIMAS DE NARAGUYÁ

EL POETA ES UN FINGIDOR. ANTOLOGÍA POÉTICA

LUNA: LA NOCHE ALREDEDOR DEL MUNDO

LA LÁMPARA MARAVILLOSA. EJERCICIOS
ESPIRITUALES

HISTORIAS DE REGALO

NADAL
2018



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



BIBLIOTECAS
municipais

CORUÑA
➤ PRÓXIMA

Historias de regalo 2018

A guía de lectura que tes nas túas mans contén as aportacións das bibliotecarias e bibliotecarios das Bibliotecas Municipais da Coruña.

Esta selección non pretende ser exhaustiva; tan só recolle aquilo que nos gustou especialmente entre o publicado nos dous últimos anos.

Cremos que esta guía che axudará a atopar pequenos tesouros para agasallar nestas festas de Nadal. Sabemos que regalar lecturas, música ou cine non

é doado, implica pensar moito nos que o reciben, por iso, os títulos que che propoñemos van acompañados dunha reseña do seu contido e estarán expostos en todas as nosas bibliotecas onde poderás mirar, escoitar, tocar e ulir todas estas propostas.

Desexamos facilitarche a tarefa de escoller en función de gustos, intereses, preferencias, formatos... Visita a biblioteca municipal de proximidade do teu barrio, pérdete na nosa exposición "Historias de regalo", pérdete entre as "Historias de regalo" e atopa ese libro, disco ou DVD co que sorprenden nestas datas.

Lembra, este Nadal parada obrigada... AS BIBLIOTECAS
E se queres propoñer algunha lectura podelo facer nas
redes sociais empregando #recomendamosBMC

DE 0 A 2 ANOS



TRABAJOSOS

AGATHA KROLAK. COMBEL, 2018

Que che gustaría ser de maior? Campesiño, bombeira, pintora... Neste título, os nenos e as nenas atoparán oficios representados por uns osos moi traballadores. Un libro de cartón cos nomes das profesións en letra manuscrita e debuxos a lapis e collage.



A VER SI ME VES

SURYA SAJNANO. LA GALERA/2017

Un libro de cartón de gran formato, cheo de cor e con moitos animais para que as nenas e nenos se divirtan e aprendan. Cada páxina céntrase nun hábitat diferente e contén unha serie de animais agochados nas imaxes. Un libro diferente para aquelas crianzas apaixonadas dos animais e para pais e nais que aprecian as ilustracións.



CASAS

HÉCTOR DEXET. PATIO, 2018


Cores primarias brillantes e formas ben definidas, a miúdo xeométricas: ideais para seren observadas polos máis pequenos da casa. A través das súas páxinas, as nenas e nenos poden observar abraiantes escenarios repletos de cores vivas: unha cidade, unha aldea, un niño, un panal de abellas, un oco dunha árbore e moito máis.



SOY UNA NEVERA

HIROYUKI ARAI. BLACKIE BOOKS, 2018

O almorzo! Que divertido é comer de todo!. Os libros de Hiroyuki Arai, ademais de seren unha pequena xoia da ilustración e o deseño, constitúen unha ferramenta moi útil para que as crianzas aprendan a encontrar a diversión e a sorpresa nesas rutinas diarias que comparten cos maiores. No cotián tamén pode haber maxia e diversión.



MIS ANIMALES Y YO

VIRGINIE ARACIL. COMBEL, 2018

Un imaxinario para descubrir os animais do mundo no seu hábitat natural. O libro presenta unha lectura gradual segundo a idade da crianza: unha palabra e unha imaxe para as máis pequenas e lapelas de tela para as maiores, para axudarlles a identificar as diferentes contornas onde viven os animais.

DE 3 A 5 ANOS



LUNA: LA NOCHE ALREDEDOR DEL MUNDO

BRITTA TECKENTRUP. BRUÑO, 2018

Algunha vez te preguntaches por que a lúa brilla no ceo? Aquí danse as claves do importante que resulta a relación do noso planeta co satélite. Somos testemuñas da influencia que exerce nas mareas ou na orientación dos paxaros que migran. Tamén é o marco nocturno da actividade de moitos animais. A lúa é a escusa perfecta para sabermos que fan estes pola noite.



UNHA HISTORIA

MARIANNA COPPÓ. KALANDRAKA, 2018

Cruzarse de brazos ou actuar, aburrirse ou procurar diversión: é cuestión de actitude. Entre os simpáticos personaxes de "Unha historia", só un opta por aproveitar o tempo cando os demais agardan polo relato que han protagonizar. Un libro que nos anima a vivir a historia, a vida, a sermos parte dela e non simples espectadores.



A HORTA DE SIMÓN

ROCÍO ALEJANDRO. KALANDRAKA, 2017.

A horta de Simón, empregando un rexistro fluído e áxil, semella homenaxear ao xénero da fábula, tanto no que se refire aos personaxes protagonistas como, dalgún xeito, á conclusión que convida a pensar nunha ensinanza moral que abre os brazos a asumir relevancia de conceptos, como son a tolerancia, a solidariedade, a amizade e a xenerosidade.



MALACATÚ!

María Pascual. A buen paso, 2018

Á hora de cepillarse os dentes, comeza un reto de feitos, entre nai e fillo, que se converten en cousas tan estrañas como unha cafeteira ou un animal de landra. Un xogo de palabras e un reto que remata en risos e complicidade. Un álbum para ler textos e imaxes e resolver os conflitos cotiáns como por encantamento.



NO PUEDO DORMIR

GRACIA IGLESIAS. XIMO ABADÍA. FLAMBOYANT, 2018

Todas as noites ocorre o mesmo. Ela métese na cama e comeza a dar voltas, incapaz de durmir. Pero hoxe ten un remedio infalible: vai contar ovellas até caer rendida. Unha bela composición que alterna poesía escrita coa visual, a través de xogos narrativos, ilustracións evocadoras e arrollos 3.0

DE 6 A 8 ANOS



EL RATÓN Y LA MONTAÑA

ANTONIO GRAMSCI. MILRAZONES, 2018


Dende o cárcere, Antonio Gramsci escribiulle moitas cartas á súa muller. Nunha delas cóntalle un conto para que llelo lea aos seus fillos: o dun rato que bebe o leite do almorzo dun neno. Cando o neno esperta e chora coa fame, o rato propónse darlle leite, pero non será tarefa fácil, porque todo está esnaquizado pola guerra e a especulación.



LA CARTA

ROSER RIMBAU, ROCÍO ARAYA.
TAKATUKA, 2018

Unha folla de papel arrastrada pola tormenta de área chega as mans de Moussa. A preocupación dun neno por facer partícipe ao seu pai da vida do pobo na súa ausencia é o fio condutor desta historia. Unha folla de papel para romper coas distancias e o desarraigo da emigración.



CADERNO DE LÚAS

MARÍA CANOSA. BULULÚ, 2018

Unha sorte de diario a través do cal unha nena vai relatando a intención de rescatar un caderno en branco, que resultará operativo para debuxar e escribir nel case como unha terapia natural diante do seu reiterado insomnio. No caderno expón as vivencias cotiás que suxiren as súas preocupacións e o seu mundo, onde ocupa un papel especial a figura do seu avó.



ESTA ES ANITA

SARA O'LEARY. BLACKIE BOOKS, 2018

Para xogar con *Anita* é necesario que compartamos os seus soños e ilusións, o primeiro paso consiste en implicarnos con sinceridade construíndo e utilizando a máscara que se proporciona ao comezo do relato. Unha vez formemos parte da aventura real, é fácil deixarse ir e viaxar da súa man cara a esos lugares que sempre quixemos visitar: o fondo do mar, a mesa de Alicia, o fogar dos lobos...



SERPE DE CRISTAL

PIRILAMPO. GALAXIA, 2018

O golfinho, a abella, a serpe sapeira, a pintega, o tritón, o reiseñor, a bubela, todos os peixes do mar e moitos outros animais que te rodean están neste libro-cd, e queren que aprendas moito e non deixes de cantar. Este disco, pois, supón unha reposición e tamén unha resurrección: a da fantasía, a humanización da natureza que tanto caracteriza a nosa cultura tradicional.

DE 9 A 11 ANOS



AS PERIPECIAS DE EXTRAVAGANZZA PÉREZ

LEDICIA COSTAS. ANAYA, 2018


Extravaganzza Pérez vive nunha casa que semella un zoolóxico. Os seus pais son dous biólogos de moita sona. Semellan estar algo tolos, pero queren aos animais e mais a súa filla pola vida. Un día marchan a unha expedición secreta deixando a Extravaganzza soa na casa.



CADERNO DE FUME

ANTONIO GARCÍA TEIJEIRO.
EMBORA, 2018

Caderno de fumo é unha reedición dun libro publicado hai case vinte anos, que contaba daquela coas ilustracións de Xosé Cobas. Nesta ocasión establece un diálogo visual coas ilustracións fantásticas de Leandro Lamas. Palabras de luz e cristal acollidas amorosiñamente nun libro que paga moito a pena ler ou releer.



APESTOSO TÍO MUFFIN

PEDRO MAÑAS. ANAYA, 2018

Mr. Muffin probou de todo para librarse do cheiro que o acompaña, dende bañarse con auga a ferver até mergullar a cabeza nun balde de perfume. Así leva unha vida solitaria chea de xabón e aburrimiento, até que se presenta na súa porta Emma, unha nena misteriosa que asegura ser a súa sobriña e que pretende libralo do cheiro e do seu medo a vivir a vida.



SON UNHA NOZ

BEATRIZ OSÉS. EDEBÉ-RODEIRA, 2018

Chámome Omar e son unha noz. O meu pai era xardineiro e a miña nai ulía a canela. O mar tragounos aos dous pouco antes de chegar á praia. Vinos desaparecer mentres flotaba naquela casca de noz xunto con outros descoñecidos. Dos tres, só eu levaba un pequeno salvavidas co meu nome. Escribírao miña nai para que non o esquecese nunca.



NEVERMOOR. LAS PRUEBAS DE MORRIGAN CROW

JESSICATOWNSEND.

OCEANO, DESTINO, 2018

Morrigan é unha nena ocorrente e carismática que arrastra unha terrible maldición e deberá empregar toda a súa intelixencia e tesón para que non se cumpra. Esta historia conduce a un mundo extraordinario, un lugar de maxia e misterio que dá vida á esperanza e a imaxinación.

DE 12 A 14 ANOS



EL ÁRBOL DE LAS MENTIRAS

FRANCES HARDINGE. BAMBÚ, 2017

Trástanos ao século XIX inglés, no medio das discusións dos naturalistas ao pouco da publicación de "A evolución das especies" de Darwin, das convencións e formas de vida da clase media acomodada e da negativa a considerar a educación das mozas máis aló do seu papel feminino. Require dunha lectura intensa mais será ben recompensada.



A BALADA DOS UNICORNIOS

LEDICIA COSTAS. XERAIS, 2018

Cunha marcada temática Steampunk, emprenderemos unha viaxe chea de misterio e intriga, con "Jack o destripador" pisando os calcañares dos protagonistas no seu intento por salvar ao máxico León, o seu grande amigo. Unha novela chea de poderosos personaxes, onde o amor terá que convivir con sentimentos que aflixen como o odio e a vinganza.



CUENTOS EXTRAÑOS PARA NIÑOS PECULIARES

RAMSON RIGGS. ALFAGUARA, 2017

Os contos tradicionais sempre conteñen unha verdade. E esta colección de contos esconde algunhas verdades do mundo peculiar. As súas historias son habitadas por princesas de lingua bífida, canibales amables, damas amigas de pantasmas... As súas páxinas esconden información vital para os cativos peculiares e incluso pistas para localizar bucles temporais.



AURORA O NUNCA

VVAA. EDELVIVES, 2018

Aurora non é un libro de relatos. É un lugar. O condado de Serena e trece escritores estudaron a súa historia, xeografía e poboación. Mais non quixeron quedar con esa imaxe de Aurora que calquera pode atopar nos folletos das axencias turísticas e se internaron na vida dos seus habitantes, buscaron nas súas miserias, nas súas ansias...



LAS LÁGRIMAS DE NARAGUYÁ

CATALINA GONZÁLEZ VILAR .SM, 2017

Unha auténtica novela de aventuras entre a realidade e a maxia, protagonizada por personaxes heteroxéneos sobre os que recae totalmente o interese da historia. Xunto con eles, unha protagonista fundamental, a selva amazónica. Aquí desenvólvense sucesivas e tranquilas aventuras nas que é máis importante como se chega que o seu propio desenlace.

CÓMIC


INFANTIL



ANIMALIA, 1

XOSÉ TOMÁS. XERAIS, 2018

“Animalia” é un proxecto de banda deseñada protagonizado por animais de diversos hábitats; este en concreto está localizado na selva. Con historias autoconclusivas dunha páxina, constitúe unha reflexión sobre a humanidade como especie e como civilización, desde as posibilidades que ofrece a caracterización dos animais na súa diversidade.



ARIOL. AMIGOS DEL ALMA

EMMANUEL GUIBERT. HARPER COLLINS, 2018

Ariol é un reto constante ao máximo, un reforzo fenomenal do importante que é a narrativa e o xogo, pero á vez é unha construción de ficción que unha persoa adulta vai gozar do mesmo xeito que as máis pequenas. O trazo de Marc Boutavant presenta un universo accesible, divertido e exclusivo a través de dous amigos .



MÁS ALLÁ DEL JARDÍN

PAT MCHALE. NORMA EDITORIAL, 2018

Fábulas outonais con animais que falan , espantallos que cobran vida, pantasma e bruxas que non son exactamente o que parecen e dous nenos que se perden no bosque e teñen que atopar o camiño de volta á súa casa. É unha historia que transporta a quen le a outra época, a dos colonos que fundaron Nova Inglaterra e os barcos de vapor do Mississippi.



EL NIÑO BRUJO

MOLLY KNOX OSTERGAG. HARPER COLLINS IBÉRICA., 2018

Este cómic vai un paso máis alá do cómic como pasatempo. É unha historia que fala sobre as tensións propias da adolescencia, onde todas as ancoraxes persoais se relativizan e xa nada é seguro. Neste momento crítico de plena formación da personalidade , todo é cuestionado: familia , amizade, valores e identidade.



LA SOCIEDAD DE LOS DRAGONES DE TÉ

KATIE O´NEILL . LA CÚPULA, 2018

Un conto de fadas con sabor a manga. Un canto ás tradicións, á amizade, ao amor de calquera tipo e a deixar voar a imaxinación. Galardoado con dous premios Eisner, é un fermoso relato sobre os coidados e os oficios, unha fábula sobre a transmisión dos coñecementos e a importancia de preservar as tradicións e, por riba de todo, sobre o emprego do tempo nun mundo cada vez máis acelerado.

MOZOS E MOZAS



APLICACIÓN INSTANTÁNEA

CARLOS NEGRO. XERAIS, 2018


O autor xoga coa actualidade, xa que neste libro podemos escoitar catro voces que son catro avatares con catro perfís psicolóxicos que se corresponden por tanto con catro personalidades con voz propia. Con elas, haberá trazos feministas, trazos rebeldes, trazos galeguistas... pinceladas de crítica social e poemas que rachan con estereotipos.



SEN PIEDADE

PEDRO FEIJOO. XERAIS, 2018

Aparentemente é unha especie de road movie literaria protagonizada por un par de cabróns nunha noite de festa sen freo. Pero esta historia quere ser algo máis: as verdadeiras protagonistas son tres mulleres sen voz e mesmo case sen nome que, aínda que non teñen nin unha soa palabra de texto, descubrimos que berran en silencio páxina tras páxina, cada vez con máis forza.



CORREDORA

MARÍA REIMONDEZ. XERAIS, 2017

Genet naceu en Etiopía. O que máis lle gustaba era correr e correr polo ventre da montaña. Mais a fame, a guerra e a figura do pai obrígana a acompañar a súa nai e a pedir esmola polas rúas. Alí coñeceu a Abebe, un médico e voluntario da federación de atletismo que lle propón adestrar en Meskel Square. *Corredora* é unha historia colectiva de superación deportiva.



BIOGRAFIA DE UN CUERPO

MÓNICA RODRÍGUEZ, SM, 2018

Biografía de un Cuerpo é un diario de sensacións. Unha folla de ruta para a adolescencia, para a entrada na vida adulta, para o tránsito. Non hai capítulos. O paso do tempo é unha superposición de emocións, de rabia, de temor, de pasións e dúbidas. A linguaxe da novela é delicada e directa, elaborada e fonda, contundente, chea de ritmo e cores.



DESCONOCIDOS

DAVID LOZANO. RODEIRA, 2018

En *Desconocidos*, o sinistro camuflase no cotián, así que ten coidado ao comezares o libro: sabemos que non vas parar. Dous estraños cítanse no McDonald's da estación de Sants. Non moi lonxe, a policía encontra un cadáver. Un asasinato? Un suicidio? Unha reflexión sobre o uso que facemos das redes sociais, a parte de nós que decidimos expoñer e a información que circula sobre nós co uso dos teléfonos móbiles.

PERSOAS ADULTAS



LA RETORNADA

DONATELLA DI PIETRANTONIO.
DUOMO, 2018

Novela que fala dos temas máis importantes da vida, sen tabús e con dureza. Ás persoas que nos criamos no campo, tamén ás que medramos nunha familia numerosa...

A todas conmovéranos a súa trama pois está feita dos 'retallos' luminosos ou sombríos da vida.



SENLEIRAS

ANTÍA YAÑEZ. GALAXIA, 2018

Un libro orixinal, aditivo, cunha carga emocional importante. Vemos a través de dúas historias como o mundo segue a funcionar exactamente igual para segundo que cousas. Como o machismo segue dominando, o patriarcado segue someténdonos e como llo permitimos.

Senlleiras mostra tamén que existen diferentes formas de violencia de xénero.



¡QUE SE VAN LAS VITAMINAS! MITOS Y SECRETOS QUE SOLO LA CIENCIA PUEDE RESOLVER

DEBORAH GARCÍA BELLO, PAIDÓS, 2018

Ante a proliferación de ideas sen base científica, algunhas inocuas e outras profundamente perigosas, libros como *¡Que se le van las vitaminas!* son máis necesarios que nunca. É moito máis que unha colección de mitos: tamén é a constatación de que todos nós podemos tropezar nesta clase de virus mentais que proporcionan unha ilusión de certeza.



CÓMO ACABAR CON LA ESCRITURA DE LAS MUJERES

JOANNA RUSS, DOS BIGOTES, 2018

En *Cómo acabar con la escritura de las mujeres* expóñense as estratexias que a sociedade utiliza para ignorar, condenar ou menosprezar as mulleres que producen literatura.

Esta obra de 1983, tan relevante hoxe como entón, motivou xeracións de lectores e lectoras coa súa poderosa crítica feminista.



O MEU NOME É NINGUÉN

MANUEL ESTEBAN. XERAIS, 2018

Esta é unha novela policial, pero tamén un tratado sobre a perda da identidade, un manual de filosofía para perdedores onde ninguén é o que parece: un inspector de policía que se fai pasar polo seu irmán, un hacker agochado tras un pseudónimo, unha muller que ten que cambiar de nome ou un rapaz con síndrome de Down que pode ser calquera, indistinguible entre a multitude. Un ninguén.

CÓMIC

PERSOAS ADULTAS



EL JUGADOR DE AJEDREZ

DAVID SALA. ASTIBERRI, 2018

Nos tranquilos salóns dun paquebote na ruta cara a Arxentina, o campión do mundo de xadrez enfróntase, nunha última partida, a un aristócrata vienés, cuxo dominio do xogo naceu durante o nazismo. Esta denuncia desconsolada e desesperada da barbarie nazi é o último texto escrito por Stephen Zwig antes de acabar coa súa vida.



TODO LO QUE PUDIMOS

THI BUI. KRAKEN, 2018

É unha mirada íntima á viaxe que realiza unha familia, desde o seu fogar devastado pola guerra en Vietnam até a súa nova vida nos Estados Unidos. Cunha prosa cativadora e poética e un debuxo impresionante, Bui examina a fortaleza da familia, a importancia da identidade e o significado do fogar.



THE ATELIER OF WITCH HAT 1

KAMOME SHIRAMA. MILKY WAY EDICIONES, 2018

The Atelier of Witch, distánciase do coñecido, iniciase dunha forma especial, iniciase a través dunha pregunta persoal, introspectiva e sincera: Ao nacer, ninguén sabe o que lle deparará o futuro, pero... E os magos? As preguntas son ferramentas perfectas para descubrir grandes segredos: Coco utilízalas para comprender e manexar a maxia.



¡UNIVERSO!

ALBERT MONTEYS. ASTIBERRI, 2018

Misións anteriores ao Big Bang, viaxes a planetas lonxanos en busca doutras especies intelixentes, androides demasiado amorosos, insectos antropomorfos... Monteys, coñecido polas súas viñetas na revista *El Jueves*, é un apaixonado da ciencia ficción, e aquí da renda as súas fantasías para crear relatos vibrantes de cor e asombro cósmico.




O CORPO DE CRISTO

BEA LEMA. DEPUTACION DA CORUÑA, 2018.

O Corpo de Cristo é a primeira novela gráfica de Bea Lema. Un cómic autobiográfico que trata a enfermidade mental desde a perspectiva dunha nena. A protagonista é unha filla que vive a patoloxía da súa nai, a cal non reconece a enfermidade. Ela négase a medicarse, xa que considera que se trata dun "meigallo". A novela mostra a resiliencia da rapaza fronte os problemas dos adultos.


PARA VER



CALL ME BY YOUR NAME

LUCA GUADAGNINO, 2017

Un mozo de 17 anos, pasa o cálido verán de 1983 na casa de campo dos seus pais no norte de Italia. Pasa o tempo folgando, escoitando música, lendo libros e nadando hasta que un día o novo axudante americano do seu pai chega ao pazo. Oliver é encantador e, como Elio, ten raíces xudías; tamén é mozo, seguro de si mesmo e atractivo.



LOVING VINCENT

DOROTA KOBIELA E HUGH WELCHMAN, 2018

"Loving Vincent" é unha homenaxe a Van Gogh no que cada fotograma é un cadro pintado sobre óleo, tal e como o propio Vincent o pintaría. Os seus 80 minutos de duración están compostos por 56800 fotogramas que foron pintados, un a un, por diferentes pintores ao longo de varios anos, todos inspirándose no estilo e arte maxistral de Van Gogh.



LA TORTUGA ROJA

MICHAËL DUDOK DE WIT, 2017

Historia muda sobre un naufraxio nunha illa tropical deserta, poblada de tartarugas, cangrexos e aves. A película conta, sen palabras, e cunha elección de encadres que empequecece ao individuo fronte ao imponente da contorna, unha historia máxica de amor e unha serea alegoría do ciclo da vida.



UNA MUJER FANTÁSTICA

SEBASTIÁN LELIO, 2017

Unha camareira aspirante a cantante e Orlando, vinte anos maior, planean un futuro xuntos. Tras unha noite de festa, Marina levaa a urxencias, pero morre ao chegar ao hospital. Ela debe afrontar as sospeitas pola súa morte. A súa condición de muller transexual supón para a familia de Orlando unha aberración. Ela terá que loitar para converterse no que é unha muller forte, pasional... fantástica.



LA ISLA DE LOS PERROS

WES ANDERSON, 2018

Logo de que todas as mascotas caninas de Megasaki City sexan exiliadas a unha illa que é un vertedoiro, un neno de 12 anos emprende unha viaxe para buscar ao seu can perdido. Os cans aquí son pura poética do desamparo: catro son cans de raza condenados ao exilio e a exclusión, que atoparán ao mestre de vida e supervivencia nun can do palleiro.

PARA ESCOITAR



BOOK OF INTUITION

KENNY BARRON TRIO. UNIVERSAL, 2016

O pianista *Kenny Barron* é como o algodón: non engana. El fai jazz, así sen calificativos. Se alguén quere saber como é o jazz clásico, o jazz de toda a vida, daquela que escoite este “*Book of intuition*”



CADA CAN QUE LAMBA O SEU CARALLO

MALANDRÓMEDA. MATAPADRE, 2016.

Mellor álbum do 2016 pola Rockdelux. Presentación colorista dunha Galiza Global. Lendas vivas da música galega. Pioneiros do rap en galego. Letras doces e amargas a un tempo. Malandrómeda somos todos nós, os que sofren de desamor, os que van de pinchos polo casco vello, os que teñen comida familiar, os que invitan a unha rolda, os que falan con gheada,...



ANTOLOGÍA DEL CANTE FLAMENCO HETERODOXO

NIÑO DE LECHE. SONY, 2018


Flamenco inclasificable. A condición bastarda do flamenco, libre, doce, intelectual, rompedor disidente, abstencionista e reflexivo. Coa súa singularidade, Niño de Elche converteuse nunha das figuras máis desafiantes e imprevisibles do panorama musical español.



THE GIFT

ALTAR. LA FOLIE, 2017

A portada do disco non deixa indiferente a ninguén, todo un alarde de misterio, e na que o título do disco, simulando luces de neón non fai máis que hipnotizar para que so desexes escoitar as cancións que se esconden tras unha figura escura e pouco iluminada que se transformará en melodías e letras traballadas.



14.HAMALU

MIKEL LABOA. ALKARNEAN, 2007

O seu Album BAT-Hiru foi considerado o mellor álbum vasco da historia. Patriarca da música vasca, con este disco Laboa celebra os 30 anos na música, canta en euskera, catalán e portugués, e crea un novo lekeitio, unha serie experimental baseada en berros e onomatopeas, que é un homenaxe a Camarón e John Cage.

LGTTB

Materialis que reflicten diversidades sexuais e de xénero



EL PRÍNCIPE Y LA MODISTA

JEN WANG. SAPRISTI, 2018

O príncipe Sebastian e a modista Frances ocultan un segredo que non poden revelar sen poñer en perigo o futuro da coroa: a el gústalle vestirse de muller e ela é a súa costureira persoal na sombra. Enredos de palacio e amor romántico nunha trama cargada de aventura, dobres xogos e o descubrimento da identidade.



EL VIOLETA

ANTONIO MERCERO, JUAN SEPÚLVEDA.
DRAKUL, 2018

Baixo o amparo da Lei de vagos e maleantes, o protagonista, un mozo sinxelo chamado Bruno, é detido. No cárcere desprégase sobre el un sistema de torturas e violacións. Máis tarde, xa en liberdade, as decisións que tomará estarán marcadas pola asfixia do medo e o arraigamento relixioso dunha sociedade tradicional.



FÓRA DO NORMAL

MARÍA REIMÓNDEZ. XERAIS, 2018

A novela, focalizada na identidade transxénero mais non só, porque tamén desvía a ollada cara ao tratamento doutras identidades, ao concepto da heroicidade e ao conflito que pode xerar o propio corpo, constrúese en función dun alicerce fundamental, como pode ser o respecto e a asunción da diversidade como eixo arredor do que debe xirar a propia vida.



¡VIVAN LAS UÑAS DE COLORES!

ALICIA ACOSTA, LUIS AMAVISCA.
NUBEOCHO, 2018

Esta historia inspirada en feitos reais, fala dun neno feliz a quen as burlas doutros nenos lle rouban o sorriso. Juan pinta as unllas polo motivo máis sinxelo e máis importante do mundo: porque lle gusta. Un día, este neno descobre da peor maneira posible a importancia que a sociedade atribúe aos estereotipos de xénero.



HISTORIA DE LA VIOLENCIA

ÉDOUARD LOUIS. SALAMANDRA, 2018

Baseándose nunha experiencia traumática, o autor realiza un audaz exercicio de catarse literaria non só para analizar e comprender os impulsos máis viles e aldraxantes dos que é capaz o ser humano, se non tamén para explorar as múltiples facetas da violencia. Nun alarde de sinceridade extrema, o autor franquea a barreira do pudor e consegue facernos sentir e pensar á vez.

ESPECIAIS E INCLASIFICABLES



EL HOMBRE DEL TRAJE NEGRO

STEPHEN KING; ANA JUAN. NÓRDICA, 2017

«Agora son un home moi vello, e isto é algo que me ocorreu cando era moi novo, con só nove anos. Foi en 1914, o verán despois de que o meu irmán Dan morrese nun prado e tres anos antes de que Estados Unidos entrase na I Guerra Mundial. Nunca lle contei a ninguén o que ocorreu na bifurcación do río aquel día, e nunca o farei... polo menos de palabra».



LA LÁMPARA MARAVILLOSA. EJERCICIOS ESPIRITUALES

RAMÓN DEL VALLE INCLÁN.

ALVARELLOS, 2017

Edición facsímile deste **belísimo** e **insólito libro** de Ramón del Valle-Inclán. Unha obra publicada en 1916, ilustrada por **José Moya del Pino** e concibida como un todo, pois forma e fondo dialogan aquí á perfección.

Un século despois, regresamos a aquela «edición príncipe», co fin de achegar o máis posible a experiencia lectora de hoxe ao espírito orixinal desta *Lámpara maravillosa* que nos iluminará no camiño de comprensión da beleza.



EL INGENIO DE LOS PÁJAROS

JENNIFER ACKERMAN. ARIEL, 2017

Os paxaros son animais cunha intelixencia fascinante. Algunhas especies despregan asombrosas formas de intelixencia, comparables ás dos seres humanos: enganan e manipulan, escoitan ás furtadelas, bícanse para consolarse, chantaxean ás súas parellas, baten as ás do perigo, convocan testemuñas para presenciaren a morte doutra ave e mesmo fan dó.



LO QUE TÚ QUIERAS

ELLEN DUTHIE. WONDER POWER, 2018

Ser libre é poder facer todo o que queiramos? Pode todo o mundo facer o que lle peta ao mesmo tempo? Hai algunha diferenza entre ter que obedecer sempre e a escravitude? Ti es escravo de alguén ou de algo? Poder voar fariache máis libre? É posible ser feliz sen ser libre? Que é ser libre? E para que queremos ser libres?



ENORME SUCIEDAD

MAITE MATUBERRÍA.

PEPITAS DE CALABAZA, 2018

A psicóloga chamaríao depresión; o místico, procura do eu; un artista, crise de creatividade; a persoa "práctica", unha perda de tempo. Maite Mutuberría chamouno *Enorme suciedad*. Quería darlle un nome. Como chamar ao que me esgotaba tanto? Á dor co que manchaba todo? Que palabra usar para ese borrón? Só souben envorcalo nos meus cadernos. E como seguía sen saber nomealo, chameino suciedade.

CLÁSICOS RENOVADOS



OS EIDOS : O LIBRO DO COUREL

/UXÍO NOVONEYRA.
CHAN DA PÓLVORA, 2018

Cando Uxío Novoneyra publicou Os Eidos, en 1955, a súa voz converteuse de inmediato nunha das máis intensas, renovadoras e salientables da poesía galega. Unha obra clave da literatura galega do século XX



FÁBULAS DE ESOPÓ

VERSIÓN DE XOSÉ BALLESTEROS.
KALANDRAKA, 2018

Este libro reúne unha selección dos textos máis coñecidos deste autor, presentados cun estilo narrativo actual e literario para que o público infantil se achegue ás fábulas na nosa lingua e manteña viva a memoria dun xénero que lle aportou moito á literatura galega e universal



FRANKENSTEIN

MARY SHELLEY. NORDICA, 2018


Frankenstein ou o moderno Prometeo foi publicada en 1818 e é considerada a primeira novela do xénero de ciencia ficción. Nesta edición, salienta especialmente o traballo gráfico de Elena Odriozola, quen fixo unha persoal lectura do texto clásico. O seu teatríño de papel é un escenario que abre as portas a novas posibilidades de narración visual



ORGULLO Y PREJUICIO

JANE AUSTEN. ALIANZA, 2017

Orgullo y prejuicio, unha das obras máis coñecidas da literatura inglesa, é unha crítica ás convencións sociais e abismo entre clases. Esta edición publicouse coas ilustracións que Hugh Thomas realizou en 1984.




NOCHEBUENA

NIKOLAI GÓGOL. NORDICA, 2017

Gógol volve mostrarnos a súa capacidade e enxeño para deleitarnos cunha bela historia popular que, en realidade, é unha radiografía das clases sociais na Rusia zarista, á vez que critica a superstición e calibra a moralidade dos altos estamentos e das xerarquías eclesiásticas.

POESÍA



CORPO

ANTÓN LOPO. XERAIS, 2018

Diciá Michel Foucault que o corpo está atravesado, dalgún xeito, polos discursos e isto ocorre con este Corpo : unha proposta senlleira e única porque Lopo esculpe poemas nunha pedra granítica que moldea con amor, sabedoría e elegancia para que estes queden entre nós porque -díó doutros pero tamén se pode aplicar a el- é desa estirpe de voces que ás veces o poema elixe.



TANKAS HABITADOS

FRANCISCA GARCÍA JÁÑEZ. VISOR, 2018

"en la soledad

Diálogo conmigo misma

Y atrapo el fluido.

*Descansado reposo,
agua y mar me cuidan"*


Tanka, é un poema xaponés corto, composto de 5 versos. Velaquí un libro cheo de poesía, coñecementos exóticos e, sobre todo, moita arte.



PREFERIRÍA SER AMADA

EMILY DICKINSON. NÓRDICA, 2018

Unha carta é unha alegría da terra denegada aos deuses. Recóllese neste libro algunhas das cartas e dos pequenos e breves poemas que escribía a autora en sobres da súa correspondencia como bosquejo, talvez, dos seus poemas maiores, ou como adorno, ou, para os máis noveleiros, como misterioso contrasinal.



O PUÑO E A LETRA

YOLANDA CASTAÑO. XERAIS, 2018

Este é o primeiro libro da tradición editorial galega que afronta a descuberta do xénero internacionalmente coñecido como Comic Poetry: o diálogo da poesía e a banda deseñada que en galego poderíamos traducir por «Cómico Poético». 40 poemas interpretados en viñetas por 40 dos nomes máis salientables da escena galega. 40 textos seleccionados de entre os 25 anos de aventura literaria de Yolanda Castaño



EL POETA ES UN FINGIDOR. ANTOLOGÍA POÉTICA

FERNANDO PESSOA. CÁTEDRA, 2018

Os biógrafos e demais estudosos de Pessoa non adoitan esquecer a súa declaración de que, desde a súa infancia, gustaba o poeta de rodearse de personaxes ficticios da súa invención: os heterónimos. Esta edición ofrece, en versión bilingüe, unha selección dos seus tres principais heterónimos: Alberto Caeiro, Ricardo Reis e Álvaro de Campos, así como de Pessoa "éle mesmo".

Historias de regalo 2018

BIBLIOTECA ÁGORA

Lugar da Gramela, 17
T. 981 189 886
bagora@coruna.es

BIBLIOTECA CASTRILLÓN

Praza Pablo Iglesias, s/n
T. 981 184 390
bcastrillon@coruna.es

BIBLIOTECA ESTUDOS LOCAIS

Durán Loriga, 10, 1º
T. 981 184 386
bestudosl@coruna.es

BIBLIOTECA FÓRUM

Río Monelos, 1
T. 981 184 298
bforum@coruna.es

BIBLIOTECA INFANTIL E XUVENIL

Durán Loriga 10, baixo
T. 981 184 388
binfantil@coruna.es

BIBLIOTECA MONTE ALTO

Vereda do Polvorín, 3, 3º
T. 981 184 382
bmontealto@coruna.es

BIBLIOTECA OS ROSALES

Praza Elíptica, 1
T. 981 184 389
brosales@coruna.es

BIBLIOTECA SAGRADA FAMILIA

Antonio Pereira 1-3, baixo
T. 981 184 392
bsagradaf@coruna.es

OFICINAS CENTRAIS

Durán Loriga 10, 1º
T. 981 184 384
bibliotecas@coruna.es

PUNTO DE PRÉSTAMO MESOIRO

Rúa Os Ancares,15
bmesoiro@coruna.es
T. 981 184 370

www.coruna.gal/bibliotecas

 @bibcoruna

 bibcoruna

 bibcoruna



BIBLIOTECAS
municipais